

14-02-2022

Ciencias Sociais

Traballamos nas páxinas 56,57.

Escribimos na libreta:

O clima é o tempo que adoita ir nun lugar determinado ao longo de moitos anos.

Nas zonas de alta montaña o clima é frío.

Nas zonas de interior o clima é seco.

Nas zonas de costa o clima é suave.

Facemos exercicios da páxina 57.

15-02-2022

Ciencias da Natureza

Traballamos nas páxinas 56, 57.

Escribimos na libreta:

Os réptiles son animais ovíparos. Teñen o corpo cuberto de escamas. A maioría dos réptiles teñen catro patas, excepto as serpes, que non teñen ningunha.

Os anfibios son animais ovíparos. Teñen a pel espida e húmida. Teñen catro patas e algúns, como a píntega, tamén teñen rabo.

Os peixes son animais ovíparos e teñen o corpo cuberto de escamas. A forma do seu corpo, o rabo e as aletas permítenlles desprazarse facilmente pola auga.

Facemos exercicios da páxina 57.

17-02-2022

Ciencias Sociais

Traballamos nas páxinas 58, 59.

Facemos exercicios.

18-02-2022

Ciencias da Natureza

Traballamos nas páxinas 58, 59.

Escribimos na libreta:

Os animais invertebrados non teñen ósos e son ovíparos. Existen moitos grupos de animais invertebrados, entre eles, os insectos e os vermes.

Os insectos, como as formigas, teñen cabeza, seis patas e dúas antenas.

Os vermes, como as miñocas, teñen o corpo brando e alongado, e non teñen patas.

Facemos exercicios da páxina 59.